

# AXUDAS Á MOCIDADE

para a compra de vivenda

---



## **Axudas á mocidade para a compra de vivenda**

Segue aberto o prazo **ata o 15 de novembro de 2022.**

O Instituto Galego da Vivenda e Solo convoca axudas á mocidade para a adquisición de vivenda:

### **Requisitos das persoas:**

Persoas maiores de idade que, tendo **menos de 35 anos** na data de presentación da correspondente solicitude, reúnan os seguintes requisitos:

1. Posuír a nacionalidade española ou, no caso de seren estranxeiras, ter a residencia legal en España.

2. Que os ingresos anuais das persoas que compoñen a súa unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a tres veces o IPREM\*. (1737,06 €/mes)

Este límite será de catro veces o IPREM se se trata dunha familia numerosa de categoría xeral ou se dentro da súa composición existen persoas cunha discapacidade distinta das sinaladas a continuación. O referido límite será de cinco veces o IPREM cando sexa unha familia numerosa de categoría especial ou na súa composición existan persoas con algunha das seguintes discapacidades:

- Parálise cerebral, enfermidade mental, discapacidade intelectual ou discapacidade do desenvolvemento, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 33 %.

- Discapacidade física ou sensorial, cun grao de discapacidade recoñecido igual ou superior ao 65 %.

3. Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude, para o caso de dispoñer de escritura pública de compravenda formalizada con anterioridade á data da presentación da correspondente solicitude.

4. Que nin a persoa solicitante nin ningunha das persoas integrantes da súa unidade de convivencia sexan propietarias ou usufrutuarias dalgunha vivenda en territorio español.

### **Requisitos da vivenda:**

1. Que a vivenda estea localizada nun concello pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia de menos de 10.000 habitantes.

2. Que o prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou inferior a 120.000 €.

3. Que se trate dunha vivenda xa construída, tanto vivenda nova como usada.

### **Contía:**

A contía da axuda para a adquisición será de ata 10.800,00 € por vivenda, co límite do 20 % do prezo de venda, sen incluír os gastos e impostos.

As **solicitudes** tramitaranse preferiblemente en <https://sede.xunta.gal/portada> cos procedementos VI435A

O **prazo** de presentación de solicitudes estará aberto ata o o 15/11/2022

Máis información no [DOG do 12 de agosto de 2022](#) e en <http://igvs.xunta.gal/>

Ampliación do prazo: [DOG do 30 de setembro de 2022](#)

\*IPREM 2022: 579,02 €